

ESPADANA EXENTA DE SANTA BAIA DA ESPENUCA, (COIRÓS, A CORUÑA)

Xosé Troiano Carril

Esta espadana exenta, atópase localizada na zona alta, ó carón dun cruceiro. Álzase sobre unha base rectangular de perpiaños irregulares onde sobresaie unha cornixa. Por riba desta, un oco de medio punto onde vai situada a campá.



Con respecto a campá, ten unhas medidas duns 39 cm de diámetro e uns 35 kg de peso. Ten xugo de madeira nun estado regular, badalo e tócase a man cunha cadea.

Polo que respecta a súa decoración, podemos ollar no “Terzo” (T), que ten dous cordóns.

No “Medio” (M) da campá ten unha inscrición na que lemos: “STA EULALIA DE LA / ESPENUCA / 1981”.

No “Medio Pé” (MP), van tres cordóns.

No “Pé” (P) ollamos a marca de fabrica coa seguinte inscrición: Dentro dun óvalo “PORTILLA H^{NOS}LTDA”, no centro unha campá co nome “PORTILLA” flanqueada por unhas polas. Debaixo “SANTANDER (ESPAÑA)”.



PORTILLA, HERMANOS: *As campás asinadas como Hermanos Portilla nacen do obradoiro dos tíos de Abel Portilla. Abel traballou cos seus tíos ata que polos 90 do século XX, empezou a traballar no seu obradoiro de Gajano. A campá do campanario exento da Espenuca (Coirós), de 39 cm de diámetro e uns 34 kg de peso, estaría feita por Abel Portilla segundo lembraba nunha charla por teléfono que tiveron ocasión de falar co el. A marca de fábrica sería: Dentro dun óvalo "PORTILLA H^{NOS}LTDA", no centro unha campá co nome "PORTILLA" flanqueada por unhas polas. Debaixo "SANTANDER (ESPAÑA)".*

